

O VITICÓLOGO DOS BAGOS

viños que van máis alá,
viños para ir máis alá

O VITICOLÓGO DOS BAGOS


viños que van máis alá, viños para ir máis alá

Pedralonga

Posted in viños on xullo 18th, 2009

Brisa mariña na tua cariña, daquela beiramar do mar de Vigo na que soñabamos o futuro, *pedra salgada* nas tuas mans, *o cheiro das fragas* aquel primeiro día no monte, a *madreselva* enredada no teu perfume, a *fruta almibarada* ou a *maza en licor* dos teus beizos, a *ortiga* na sombría, lusco fusco de verde mirar entre os *reflexos dourados* dos últimos raios, noite estrelada co *tacto da seda* da tua pel, *longo e saboroso* coma unha noite ó teu carón. ps

Coma se a doce frutalidade dera paso a unha fresca brisa mariña e máis logo a un manancial cuberto de pétalos.



Degustamos este Pedralonga, albariño do **2005** da zona de Godos (Caldas de Reis), despois de sentir o tacto e o cheiro da outra pedralonga, a cara oeste do Picu Urriellu (Picos de Europa).

[3 comentarios »](#)
